

DOMINGO 16 ORDINARIO CICLO B

PRIMERA Xer 23, 1-6

Congregarei o resto do meu rabaño e suscitarei pastores para eles

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE XEREMÍAS

¡Ai dos pastores que deixan que se perda o rabaño
e que o espantan do meu pasteiro! -é o Señor quen fala-.
Por isto, así lles fala o Señor, Deus de Israel,
aos pastores que apacentan ao meu pobo:
- Vós espantades as miñas ovellas, escorrentádelas e non coidades delas;
ollade que eu vos pedirei contas da maldade dos vosos feitos -é o Señor quen fala-.
Eu xuntarei o resto das miñas ovellas,
traéndoo de todos os países a onde as espaxen,
e fareinas volver aos seus pasteiros, onde criarán e se multiplicarán.
Para elas constituirei pastores que as apacenten,
de xeito que xa non volvan ter medo, nin se espanten,
nin se perda ningunha -é o Señor quen fala-.
Ollade que chegan os días -é o Señor quen fala-
en que farei abrollar de David un retoño lexítimo,
será rei de verdade e comportarase con prudencia,
administará o dereito e a xustiza no país.
Desde os seus días Xudá vivirá a salvo, e Israel vivirá en paz.
O título que se lle dará será este: "O Señor é a nosa xustiza".

SALMO RESPONSORIAL Sal 22, 1-3a. 3b-4. 5. 6

R/ (1): O Señor é o meu pastor: nada me falta.

O Señor é o meu pastor: nada me falta.
Os pastos verdecentes lévame a repousar,
lévame a beber ás augas tranquilas:
El repón as miñas forzas.

Guíame por vereas rectas,
por mor do seu nome.
Se tiver de pasar por vagoadas sombrizas,
ningún mal temerá, pois ti vas comigo:
o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego.

Ti pos para min a mesa,
á cara dos meus inimigos;
únxesme con perfume a cabeza,
e a miña copa reborda.

A túa bondade e o teu amor vanme seguindo
todos os días da vida.
Eu habitarei na casa do Señor
ao longo dos meus días.

SEGUNDA Ef 2, 13-18

El é a nosa paz, quen fixo dos dous un

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA
DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS EFESIOS**

Irmáns e irmás:

Pero vós, que antes estabades lonxe, agora grazas a Cristo Xesús estades cerca, no sangue de Cristo. El é a nosa paz: o que dos dous pobos fixo un só, derrubando a medianeira divisoria -a inimizade-, e abolindo na súa carne aquela Lei de mandamentos e normas, para crear en si mesmo cos dous unha nova humanidade, facendo a paz; e reconciliando con Deus ámbolos dous nun único corpo por medio da cruz, matando nel mesmo a inimizade. El veu e anunciou a paz: paz para vós -os de lonxe-, e paz para os que estaban cerca: porque por el temos uns e outros acceso ao Pai, nun mesmo Espírito.

ALELUIA Xn 10, 27:

As miñas ovellas escoitan a miña voz, di o Señor; eu coñézoas e elas séguenme

DOMINGO 16 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 6, 30-34

Eran coma ovellas sen pastor

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Cando voltaron a reunirse con Xesús, os apóstolos contáronlle canto fixeran e ensinaran. El díxolles:

- Vide vós comigo a un lugar arredado, e descansade un pouco.

Eran moitos os que ían e viñan, e nin para comer atopaban tempo.

Fóronse sos na barca a un lugar arredado. Pero, ao velos marchar, a xente foinos seguindo por terra desde todas as vilas, e chegaron primeiro ca eles. Así, cando desembarcaron, atopouse cunha grande multitude. El, conmovido, porque eran coma ovellas sen pastor, púxose a predicar ensinándolles moitas cousas.